

Agora non podemos parar.

PSG
PSOE



Vota Touriño.
O Presidente.

Falamos de...
educación



Falamos de educación

O Goberno de Emilio Pérez Touriño ten 3 prioridades: educación, educación, educación.

A primeira etapa do cambio

- **Incrementamos a inversión:** nun 30% en relación ao presuposto, e nun 40% en gasto por estudante (1.800 euros máis por estudante ca co PP). **Segundo o informe PISA Galicia ten o sistema educativo máis equitativo da OCDE, só por detrás de Finlandia.**
- **Gratuidade dos libros de texto en todos os cursos** de primaria, secundaria e educación especial.
- **Melloramos a ratio ordenador/estudiante,** pasamos de 12 alumnos a 5 alumnos por cada ordenador.
- Expandimos os **encerados dixitais nas aulas;** se antes había 180 encerados dixitais, agora hai 1.500.
- Alcanzamos **unha taxa de cobertura do 100% no acceso a internet** nos centros. Hai catro anos, só o 10% colexios tiña acceso a Internet.
- Levamos a **aprendizaxe da primeira lingua estranxeira á educación infantil no 98% dos centros públicos.**
- **Multiplicamos por 12 o número de colexios que ensinan materias en inglés,** incluíndo tamén centros de educación primaria.
- **4.600 mozos beneficiáronse das bolsas de estudo ao estranxeiro para aprender inglés.**
- **Apoiamos aos centros escolares:** incrementamos os recursos destinados aos **gastos dos centros de primaria (+97%) e secundaria (+58%);** apoiamos os concellos para que puidesen **abrir os centros fóra do horario escolar** -poñendo os centros ao servizo de toda a comunidade.
- **Duplicamos as prazas públicas de educación infantil,** o número de concellos que as ofrecen e a taxa de cobertura. **Incrementamos un 65% as escolas públicas de infantil.**

Dálle máis forza.



Vota Touriño.
O Presidente.



- **Transporte Escolar máis seguro... e para máis estudantes.** Multiplicamos por 30 as rutas de transporte escolar con acompañante. **Co PP había 69 rutas escolares con acompañante. Hoxe son 2.102: é dicir, todas.**
- **Máis e mellor profesorado.** **5.819 prazas de profesorado ofertadas nesta lexislatura,** 718 de nova creación. Un esforzo que multiplica 15 veces o traballo do PP. Ademais, **investimos na formación en linguas estranxeiras do profesorado** a través do programa PALE.
- **Apostamos pola FP.** Puxemos en marcha o **IIº Plan Galego de Formación Profesional;** concedemos axudas para a **estadía de estudantes e profesorado en empresas;** e melloramos os equipamentos para a aprendizaxe.
- Apostamos por unha **Universidade Galega aberta, pública e de calidade.** Co Plan de Financiamento das Universidades, e a súa mellora, **investimos máis do 1% do PIB en investigación e universidade.**
- **Incrementamos un 89% o gasto por estudante, un 40% o gasto universitario, e un 60% o número de estudantes con bolsa.** Onde o PP poñía 770.000 euros para investigación científica na Universidade, nós puxemos 15 millóns e medio: **vinte veces máis.**

A segunda etapa do cambio

- **Aprobaremos a Lei de Educación de Galicia,** un gran pacto pola educación que situará ao noso sistema educativo **na equidade, a calidade e a excelencia.**
- Investiremos **500 millóns de euros** na próxima lexislatura no **Plan de Construción de novos Centros.**
- Estenderemos a todo o ensino público o **uso dos encerados dixitais,** para acadar a **súa incorporación definitiva ao día a día das aulas galegas.**
- Remataremos a extensión da rede nos centros co obxectivo de que **todas as aulas de todos os centros educativos públicos teñan acceso a internet.**
- **Incrementaremos o número de centros docentes plurilingües,** triplicando o número de seccións bilingües ata garantir as **1.500 na lexislatura.**
- **Duplicaremos o número de alumnos/ás beneficiarios/as dos programas de inmersión lingüística,** ata acadar os **20.000** nesta lexislatura.

Dálle máis forza.



Vota Touriño.
O Presidente.



- **4.000 profesores** participarán en cursos de formación no estranxeiro.
- Crearemos o **Observatorio de Calidade Educativa**, para fomentar a cultura da **avaliación e da autoavaliación**.
- Fomentaremos a escolarización do alumnado de 0-3 anos, **creando 10.000 prazas de escolas infantís**, e superando a cobertura do 33% da Unión Europea.
- Proseguiremos co **proceso de redución da ratio alumnado/docente**.
- Aprobaremos un **novo Regulamento de Dereitos e Deberes do Alumnado** con protocolos adaptados á nova realidade educativa e social.
- **Melloraremos a idoneidade e a seguridade das rutas e paradas do transporte escolar**.
- **Continuaremos** co Programa de **Gratuidade dos Libros de Texto** na totalidade do ensino obrigatorio.
- **Promoveremos a apertura dos centros docentes fóra do horario escolar e nos períodos de vacacións**, para a realización de programas de actividades formativas e de carácter social. Impulsaremos a **apertura das bibliotecas escolares a toda a cidadanía**, dentro do programa de apertura de centros fóra do horario lectivo.
- Continuaremos impulsando a **extensión da rede de comedores escolares**.
- Facilitaremos a implantación dos **Plans Madruga** nos centros escolares.
- Fomentaremos a **revalorización social da figura dos docentes** e desenvolveremos o **Estatuto do Profesorado** no marco normativo resultante que se determine a nivel estatal. Estableceremos un **plan de formación permanente do profesorado**.
- **Implantaremos**, progresivamente, **seccións da rede pública de Conservatorios nos centros de primaria e/ou secundaria en horario vespertino**.
- **Investiremos 700 millóns de euros para incrementar ata ou 50% (10.000 alumnos) os mozos que cursen FP**. O obxectivo é que o 90% dos titulados de formación profesional atopen traballo nos 6 meses seguintes ao remate dos seus estudos.
- Crearemos **bolsas-salario para os estudantes de Formación Profesional**.

Dálle máis forza.



Vota Touriño.
O Presidente.



- Propiciaremos que o **70% dos centros que impartan FP participen e desenvolvan proxectos de I+D+i.**
- Incrementaremos os **convenios coas empresas**, para facilitar a **transición da formación ao emprego**, impulsando a relación entre o centro educativo e a empresa.
- Un novo modelo de financiamento universitario permitiranos chegara un **investimento en educación superior do 1,5% do PIB**, para converxer co nivel de financiamento establecido para o Sistema Universitario Español no ano 2015.
- Propiciaremos un financiamento equivalente de **6.000 euros por estudante en toda a oferta de titulacións do Sistema de Universidade Galego.**
- **Incrementaremos as bolsas aos estudantes universitarios** complementarias ás do Estado, e **multiplicaremos por cinco o número de bolsas para Máster Oficial.**
- Desenvolveremos un **Programa de Vivenda e Residencia Universitaria**, con axudas ou aluguer, para facilitar o custo real dos estudos.
- Promoveremos a **internacionalización das universidades**, fomentando a colaboración entre as universidades galegas e as españolas, europeas e iberoamericanas para favorecer masters e posgraos conxuntos.
- **Duplicaremos a contía das bolsas do programa ERASMUS** e garantiremos que todo o alumnado teña bolsa.
- Promoveremos máis de **2.000 contratos de formación para investigadores/as mozos/as nas empresas.**

Dálle máis forza.



Vota Touriño.
O Presidente.



